



Ref: LR/aeg
Expediente: 231/21

PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE APROBA A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO CORRESPONDENTE A DIVERSAS CATEGORÍAS DE PERSOAL ESTATUTARIO DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE PARA O ANO 2021.

Visto o proxecto de Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a diversas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde para o ano 2021, e en cumprimento do que dispón o artigo 7.1 do Decreto 111/1984, do 25 de maio, polo que se aprobou o Regulamento de Réxime Interior da Xunta de Galicia, e o artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, esta Secretaría Xeral Técnica emite o seguinte informe

1. FUNDAMENTACIÓN LEGAL.

A Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia e o Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde prevén a convocatoria periódica de procedementos de selección de persoal estatutario fixo que garantan os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade no seu acceso.

As necesidades de recursos humanos, con asignación orzamentaria, que deban proveerse mediante a incorporación de persoal de novo ingreso serán obxecto da oferta de emprego público, que se aprobará polos órganos de goberno das administracións públicas e que, como instrumento de xestión da provisión das necesidades de persoal poderá conter ademais medidas derivadas da planificación de recursos humanos, tal e como así se dispón no artigo 70 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e o artigo 48 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Constitúe un dos obxectivos e compromisos do Servizo Galego de Saúde continuar apostando pola estabilidade no emprego con medidas de estabilización de persoal temporal e a convocatoria periódica de procedementos selectivos para a adquisición da condición de persoal fixo, nos que se garantan os principios que rexen o acceso ao emprego público.



O artigo 12 da Lei 3/2021, do 28 de xaneiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021 dispón que durante este ano só se poderá proceder á incorporación de novo persoal no sector público con suxeición aos límites e requisitos establecidos na normativa básica que se estableza ao respecto, e en particular no referente á taxa de reposición de efectivos, respectando en todo caso, as dispoñibilidades orzamentarias do capítulo I dos correspondentes orzamentos de gastos.

A normativa básica, a Lei 11/2020, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2021, fixa no seu artigo 19 unha taxa de reposición do 110 por cento nos sectores prioritarios, considerando a tales efectos como sector prioritario as Administracións Públicas con competencias sanitarias respecto das prazas de persoal estatutario e equivalente dos servizos de saúde do Sistema Nacional de Saúde.

No Decreto de oferta de emprego público para o ano 2021 autorízase a convocatoria de 1.203 prazas.

2. RAZÓN DE SER E UTILIDADE DO PROXECTO.

Ao concorreren a necesidade e prioridade de incorporar novos/as profesionais ás institucións sanitarias e avanzar na estabilización do emprego temporal neste sector, pola condición de servizo público esencial da actividade que realizan, cómpre iniciar un novo procedemento de selección de persoal estatutario fixo, coa aprobación do previo e preceptivo decreto de oferta de emprego público.

Para o cómputo de prazas tívose en consideración a aplicación da porcentaxe de taxa ordinaria de reposición prevista no artigo 19. Un) apartados 1) e 3B) da Lei 11/2020, do 30 de decembro.

A oferta de emprego público é útil tanto para a organización, pois ao ter as persoas seleccionadas con carácter fixo limítase substancialmente a temporalidade dos traballadores/as que prestan os seus servizos nesta, coas incertezas e complicacións de xestión que a dita situación leva consigo, como para os/as aspirantes que superen o proceso selectivo, porque acadan unha estabilidade laboral que lles vincula de xeito definitivo co Servizo Galego de Saúde.



3. TRÁMITES PRACTICADOS.

O proxecto normativo consta dos seguintes informes e trámites cubertos:

- Unha memoria xustificativa do día 17.03.2021, da Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, na que se recolle que o contido do texto foi negociado no seo da mesa sectorial de Sanidade en reunión celebrada o día 05.03.2021.
- Unha memoria económica do día 17.03.2021.
- Unha certificación da subdirectora xeral de Políticas de Persoal (Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde) do día 15.03.2021, da inclusión deste proxecto na orde do día da Mesa Sectorial de negociación do persoal das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde de data 05.03.2021.
- O informe da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde sobre o cálculo da taxa de reposición, de 17.03.2021.
- A certificación de data 17.03.2021 da directora xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, relativa á dotación orzamentaria das prazas que se ofertan.
- Acordo de inicio de elaboración do proxecto regulamentario, do día 07.04.2021.
- Informe do Servizo Técnico Xurídico I, de data 08.04.2021.
- Acordo de aprobación inicial como proxecto, do día 08.04.2021.
- Acordo de non publicación no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, de data Informe do Servizo Técnico Xurídico, de data 08.04.2021.
- Informe da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda, de data 29.03.2021.
- Informe da Dirección Xeral de Función Pública da Consellería de Facenda, do día 24.03.2021.



- Informe da Asesoría Xurídica da Consellería de Sanidade, do día 08.04.2021, emitido en sentido favorable.

4. CONTIDO E ESTRUCTURA DO DECRETO.

O proxecto normativo examinado consta dunha parte expositiva, 9 artigos, unha disposición adicional, dúas disposicións derradeiras e un Anexo.

O contido é o seguinte:

Artigo 1.- Aprobación da oferta de emprego público.

Artigo 2.- Cuantificación da oferta de emprego público.

Artigo 3.- Sistema de selección.

Artigo 4.- Órganos de selección.

Artigo 5.- Promoción interna.

Artigo 6.- Persoas con discapacidade.

Artigo 7.- Acreditación do coñecemento da lingua galega.

Artigo 8.- Criterios xerais de xestión e publicidade dos procesos selectivos.

Artigo 9.- Igualdade en relación coas condicións de emprego da Administración Pública.

Disposición adicional única.- Planificación dos recursos humanos.

Disposición derradeira primeira. Habilitación.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.

Anexo.- Determina, por categoría/especialidade, o número de prazas que se convocan.

Establécese como sistema de selección o concurso-oposición e se determinan os criterios para a composición dos tribunais de selección. Regúlase tamén a promoción interna reservándose con carácter xeral un 50% do total das prazas que se convoquen, porcentaxe que poderá verse reducida nos supostos en que así veña xustificado pola planificación eficiente das necesidades, polas características específicas da categoría ou pola propia titulación requirida para o acceso.



En relación co acceso das persoas discapacitadas, destaca, de acordo co artigo 48 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que a reserva non inferior ao sete por cento do total de prazas ofertadas efectuarase de forma que o dous por cento daquelas o sexa para seren cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual e o cinco por cento restante o sexa para seren cubertas por persoas que acrediten calquera outro tipo de discapacidade e poderá concentrarse naquelas categorías profesionais ou especialidades que se adapten mellor ás peculiaridades das persoas con discapacidade.

Indícase, con pleno respecto ao sinalado no punto 3 do referido artigo da Lei 2/2015, do 29 de abril, que as prazas reservadas a persoas con discapacidade poderán convocarse conxuntamente coas prazas ordinarias ou mediante convocatorias independentes a dos procesos libres garantíndose, en todo caso, o carácter individual dos procesos.

A reserva de prazas de discapacidade xeral efectuarase sobre o cómputo total das vacantes incluídas nesta oferta de emprego público e farase efectiva, de conformidade co artigo 8 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, naquelas convocatorias que oferten un mínimo de dez prazas da correspondente categoría ou especialidade, segundo a distribución que se recolle no anexo.

Respecto da reserva de prazas de discapacidade intelectual, sinálase que se efectuará tamén sobre o cómputo total das vacantes incluídas na oferta de emprego público, concentrándose naquelas categorías profesionais que se adapten mellor ás peculiaridades das persoas con este tipo de discapacidade, segundo a distribución que se recolle no anexo.

Encoméndase á Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde a xestión dos procesos selectivos correspondentes. A dita encomenda incluírá a convocatoria do proceso, a aprobación das súas bases reitoras, a designación dos tribunais cualificadores así como a resolución e adxudicación de destinos.

5. LEGALIDADE, ACERTO E OPORTUNIDADE.

De conformidade con todo o anterior, o proxecto de Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a diversas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde para o ano 2021, axústase á legalidade vixente, tendo a súa base legal citada no corpo deste informe.



As Administracións públicas, por mandato constitucional, deber ser eficaces e eficientes, e estes principios, no prazo organizativo, acádanse a través dos procesos de provisión e selección de postos de traballo, que permiten ás distintas organizacións públicas –neste caso a do Servizo Galego de Saúde- adaptar os seus cadros de persoal ás necesidades dos servizos que presta á cidadanía.

O proxecto someterase á aprobación definitiva da persoa titular da Consellería de Sanidade e finalmente remitirase á Comisión de Secretarios Xerais previa á súa aprobación polo Consello da Xunta de Galicia, segundo o artigo 43 da Lofaxga.

De acordo co indicado considérase que este proxecto de decreto reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade polo que se emite a seguinte

PROPOSTA:

Informar favorablemente este proxecto de decreto conforme a súa legalidade.

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2021

A subdirectora xeral de Réxime Xurídico e Administrativo

Laura Recacho Rivas

A persoa titular da Secretaría Xeral Técnica, logo de ver a proposta da subdirectora xeral de Réxime Xurídico e Administrativo, da Consellería de Sanidade, considera que o proxecto de decreto sometido a informe se axusta á legalidade vixente, polo que informa favorablemente (artigo 43.2 de Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2021

O secretario xeral técnico

Alberto Fuentes Losada